

#HoxeEscriboEn_Mocidade

Microrrelatos premiados

CATEGORÍA A: Alumnado de primero e segundo da ESO

Microrrelato premiado: A tecedora de lá

Autor: Iñaki Echarte

Centro de ensino: CPR Salesianos San Juan Bosco, A Coruña

A tecedora de lá

Nun pequeno obradoiro do pobo de Vimianzo, había unha vella tecedora de lá. Todos os días levantábase cedo e tecía incansablemente ata que o sol se puxera. Aínda que a xente usara a súa roupa, o seu traballo estaba moi mal visto.

Un día o nobre que alí gobernaba díxolle que o seu obradoiro no era innovador e que polo tanto o pecharía. A vella tecedora tivo que migrar a un pobo máis ao norte e Vimianzo xa non dispoñía das súas roupas, en cambio o nobre importaba prendas de vestir do estranxeiro, no obstante, a diferenza das de lá, estas carecían de autenticidade e eran monótonas e aburridas, pero o peor estaba por chegar.

Como é lóxico, chegou o inverno e con el o frío, as teas estranxeiras non aportaban a calidez da lá e, por conseguinte, os habitantes do pobo empezaron a contraer enfermidades. Desesperado, o nobre suplicoulle á tecedora que volveuse xa que era imprescindible para o pobo, pero a anciá negouse.

Dada a situación, os habitantes do pobo non tiveron outra que marchar ao pobo no que agora se asentaba a vella tecedora, en consecuencia, a poboación mermou drasticamente; ata que só quedou o nobre, o nobre e ese pobo, ese pobo que nalgún momento foi próspero pero que agora estaba desolado por mor da súa ignorancia.

para máxar polos concellos
da provincia da Coruña